

libros para soñar

librería

“UN BARCO NO CEO” PROTAGONIZA A SESIÓN DE CONTOS DE MAÑÁ COA QUE LIBROS PARA SOÑAR SE ANTICIPA AO DÍA ESCOLAR POLA PAZ



LIBROS PARA SOÑAR anticipase ao Día Escolar pola Paz, que se celebrará na xornada do sábado, 30 de xaneiro. Mañá a partir das 18:30 horas a librería infantil e xuvenil do Casco Vello acollerá unha sesión de contacontos que vai estar protagonizada pola obra “Un barco no ceo”, do autor e ilustrador británico Quentin Blake. Trátase dun libro colectivo en cuxa elaboración participaron 1.800 nenos e nenas de diversos países. Narra as peripecias dos tripulantes dun barco voador que percorre o mundo salvando as vítimas das guerras, da explotación infantil, dos desastres ambientais e das inxustizas.

Outro dos relatos que se contará mañá en LIBROS PARA SOÑAR é o álbum da ilustradora chilena Paloma Valdivia, “Os de arriba e os de abaixo”. Neste caso, a lectura fomenta a multiculturalidade, a tolerancia e a interrelación entre habitantes de diferentes países, continentes e hemisferios.



Ademais destes dous títulos, ambos pertencentes ao catálogo de KALANDRAKA, tampouco faltarán outros libros senlleiros da editora galega especializada en álbum ilustrado: “Comandante Hussi”, de Jorge Araujo e Pedro Sousa, sobre as penurias dun neno soldado; “A historia de Erika”, de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti, e “Sálvate Elías!”, de Élisabeth Brami e Bernard Jeunet, dous relatos sobre superviventes do Holocausto xudeu; e “Guernica”, de Heliane Bernard e Olivier Charpentier, inspirado na obra mestra de Picasso sobre o histórico bombardeo.